

O Neolítico.

O termo **Neolítico**, etimoloxicamente a Idade de Pedra Nova (ou Puída), foi acuñado no século XIX dende unha perspectiva evolutiva, facendo referencia a un período da Prehistoria que tería como trazo máis visible un cambio nas técnicas de fabricación de útiles pétreos, a substitución da talla polo puído. Sen embargo, esta innovación tecnolóxica resulta menor en relación ás outras mudanzas (económicas, sociais, culturais) asociadas hoxe ao Neolítico.

Hai uns 11.000 anos aconteceron en certas áreas do Próximo Oriente asiático, o chamado *Crecente fértil*, unha serie de transformacións que habían alterar significativamente o modo de vida das poboacións prehistóricas. Dunha economía predadora, baseada na caza, a pesca, o marisqueo e a recolección, foise pasando a unha economía produtora baseada na agricultura e na gandería. Desenvolvéronse novas técnicas como a cerámica e o tecido. As formas de organización social e o universo mental destas comunidades víronse tamén profundamente afectados.

As interpretacións sobre a orixe da *revolución neolítica* apuntan a diversos factores: cambios ambientais, presión demográfica, transformacións socio-económicas, mudanzas nas formas de pensamento...


Dende o Próximo Oriente, as formas de vida neolíticas estendéronse por Europa, Asia central e meridional e o norte de África. A natureza desta expansión foi tamén obxecto de debate entre os que afirmaban que fora o resultado da migración de grupos neolíticos e os que consideraban que derivara da adopción das novas formas de vida polos grupos de cazadores-recolectores. Semella que se deron ámbalas dúas circunstancias e tamén que, en ocasións, estas poboacións, aínda que trabasen relación cos grupos neolíticos, mantiveron os seus modos de vida.

Fose como fose, o proceso de neolitización foi en xeral relativamente rápido. Ao longo do VII milenio a. C. estendeuse por Grecia e os Balcáns. Dende aí seguiu dúas direccións diferentes: cara as chairas de Europa central e polo Mediterráneo.

Cronoloxía do Neolítico peninsular.

Os testemuños arqueolóxicos máis antigos das formas de vida neolíticas da Península Ibérica dátanse entre o 5700 e o 5300 a. C e aparecen asociadas á **cerámica cardial**. Localízanse preferentemente no suroeste, o Levante, Cataluña e o norte de Aragón. Semella que foron dúas as vías de introdución: unha meridional, dende o sur de Italia, Sicilia e o norte de África, ligada aos asentamentos portugueses, andaluces e levantinos; e outra setentrional, seguindo o litoral ligur e provenzal e o golfo de León, vinculada aos asentamentos do nordés peninsular.

A súa expansión foi relativamente rápida. Contra o 5000 a C, está confirmado o asentamento de grupos de agricultores e pastores por toda Andalucía, a Meseta, o val do Ebro e amplas zonas de Portugal. Semella que o comezo da neolitización doutras áreas, caso Galicia e a cornixa



cantábrica, produciuse paseniñamente ao longo do V milenio a. C., anticipándose pouco á eclosión do **fenómeno megalítico**.

As comunidades e as actividades agro-pastorís conviviron coas propias do mundo paleolítico e mesolítico durante un logo período. Aquelas foron espallándose durante o IV milenio a. C. e consolidáronse coa introdución da metalurxia. O *Calcolítico*, comezo da chamada *Idade dos Metais*, arrinca no sureste peninsular (a Cultura dos Millares) a finais do IV milenio e xeralízase coa cerámica campaniforme a partir do 2500 a. C.

Os cambios económicos.

Evidentemente, a principal novidade asociada á chamada **revolución neolítica** foi a introdución de formas de **produción de alimentos** a partir da domesticación dalgunhas plantas (agricultura) e animais (gandería). Dela derivan os cambios máis importantes na cultura material das comunidades neolíticas: por unha banda, xeneralizáronse útiles líticos xa presentes nalgúns tradicións mesolíticas (fouces, machados, muíños de man, aixadas...); pola outra, a posibilidade de producir alimentos debeu estimular a procura de continentes para almacenalos, transformatos e consumilos, impulsou a invención da cerámica e o desenvolvemento dos tecidos.

As primeiras **plantas cultivadas** foron algúns cereais (trigo e orxo) e legumes (lentellas, chícharos, fabas). Os primeiros **animais domesticados** foron o can, a cabra, a ovella, o porco e a vaca. As apeiros (pau cavador, fouce composta de sílex) e técnicas agrícolas (rozas) eran moi rudimentarias e a produtividade escasa. Os primeiros pequenos grupos neolíticos víanse forzados a trasladarse periodicamente na procura de terras e pastos (agricultura itinerante).

Ao longo do IV milenio a. C. difundíronse innovacións como o arado, a tracción animal, plantas de uso téxtil como o liño e produtos secundarios como a la, o leite e os seus derivados. A produción, a produtividade e a acumulación de excedentes deberon medrar.

Os cambios sociais.

Semella que as primeiras comunidades neolíticas tiñan unhas dimensións moi reducidas. Os recursos limitados, que a penas permitían garantir a subsistencia, non posibilitaban diferenzas de riqueza. Habitaron en **covas** (Sarsa e L'Or en Alicante, Grota do Caldeirão en Portugal) e **abrigos rochosos** pero tamén en **poboados**, (La Draga, preto de Banyoles, Girona). O desenvolvemento da vida agro-pastoril, que garantía un fornecemento máis regular de alimentos, facilitou a



Vaso de cerámica cardial, característica do Neolítico inicial. Museu de Prehistòria de València

Joanbanjo [CC BY-SA 3.0],



Reconstrución dunha cabana neolítica no parque arqueolóxico de La Draga

Patian [CC BY-SA 4.0], Wikimedia Commons

sedentarización, a crecente estabilidade dos asentamentos humanos.

Progresivamente, os **poboados ao aire libre**, ubicados en vales e chairas, van substituíndo aos asentamentos en covas e abrigos. Os xacementos arqueolóxicos revelan unha estrutura máis complexa, con cabanas, fogares, silos e currais (*cultura de Almería*). A propiedade de terras e rabaños e o control dos excedentes, ligados probablemente a grupos familiares, deberon estar no orixe das **crecentes desigualdades sociais**, postas de relevo nos **enxovais funerarios**. Proliferan os adornos persoais: doas de calcaria, concha e determinadas pedras, que serían obxecto de explotación mineira (Can Tintoré, Barcelona) e intercambio a importantes distancias. Se a isto engadimos a crecente importancia das actividades artesanais (tecido, cerámica, talla) e dos seus especialistas, imos albiscando o xerme das primeiras sociedades complexas, que se desenvolven plenamente na Idade dos Metais.

Os cambios culturais.

O cambio nas relacións co medio natural que significou o Neolítico tivo forzosamente que alterar o universo mental dos grupos humanos. Esta mudanza nos sistemas de crenzas ponse de relevo, entre outros aspectos, nos ritos funerarios e nas manifestacións artísticas.


A expansión do Neolítico vai ligada á aparición das primeiras necrópoles, inicialmente en covas e abrigos. Contra 4400-4300 a. C. comeza o seu florecemento o **megalitismo** un fenómeno cultural orixinario do mundo atlántico (Bretaña, Illas Británicas, Portugal) que perviviría durante varios milenios en amplas áreas do territorio peninsular. Trátase de construcións monumentais realizadas con grandes pedras que teñen unha función ritual e funeraria de carácter colectivo (*menhires*, aliñamentos, *cronlechs*, *dolmens*, sepulcros de corredor, galerías cubertas, *tholoi*). No nordés peninsular desenvolveuse a finais do V milenio e ao longo do IV milenio a chamada **cultura dos sepulcros de fosa**, caracterizada por enterramentos de individuos ou parellas en fosas ou cistas, illados ou formando grandes necrópoles (o complexo catalán de Bòbila Madurell-Can Gambús conta con máis de 150 sepulturas).

Entre as realizacións pictóricas destaca nos comezos do Neolítico a **arte rupestre levantina**, ubicado en covas (Valltorta, Cogull) caracterizados por figuras de formas moi estilizadas e monócromas. Estas evolucionan dende formas figurativas (animais, persoas), que semellan representar personaxes e escenas importantes para a vida do grupo, cara unha crecente



O dolmen da Muruxosa (Friol, Galicia), unha construción megalítica

Henrique Hervés [CC-BY-NC-SA], Flickr



Pinturas da Rocha dels Moros (Cogul, Lleida), probable representación dunha escena de danza.

Enric [CC BY-SA 3.0], dende Wikimedia Commons



A Venus de Gavá

Vetravio [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

esquematzación e abstracción formal (*arte macroesquemático*). Trazos semellantes presentan as escasas manifestacións de **arte moble**. A unhas e a outras pode supoñérselle un valor simbólico e relixioso que, nalgún caso, como a *Venús de Gavá* (IV milenio a. C.), parece remitir á prácticas rituais ligadas ao culto á fertilidade ou a unha deusa-nai.

BIBLIOGRAFÍA:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- AUBÁN, J.B.: "Sobre el origen y difusión del Neolítico en la Península Ibérica, ca. 5600-5000 cal a.C.", *Promontoria*, nº 5, 2007, pp. 125-162.
- FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, V.M.: *Prehistoria, el largo camino de la humanidad*, Madrid, Alianza Editorial, 2007.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- IBÁÑEZ, J.J.: "El origen del Neolítico", *Investigación y Ciencia*, nº 398, novembro 2008, pp.72-79.